



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Arco Bergantiñán. Sector: Costa de Caión. Concello: Arteixo. Parroquia: Santiago de Arteixo, ocupa gran parte da unidade; San Tirso de Oseiro, a esquina NE; Santa María de Loureda e Santa Mariña de Lañas, o extremo sur, a segunda só unha mínima esquina. Extensión: 5,90 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Esta unidade e a Oseiro-Sabón forman parte dun relevo común ou directamente entroncado. Trátase dunha ampla chaira costeira en cunca con fronte sedimentaria areenta composta pola Praia de Alba e o seu cordón de dunas. Esta planicie deriva da degradación da antiga superficie de aplanamento costeira dos 100/200 m. As dúas unidades atópanse limitadas polo interior por unha serie de relevos graníticos residuais procedentes da intensa meteorización do macizo granítico existente entre Seixido e Culleredo. Existen dúas fracturas paralelas de orientación NO - SE que abriron senllos corredores cara ao interior, os do Río Arteixo ao leste (nesta unidade) e Rego de Seixedo ao oeste, unidos ata xuntar as dúas unidades de paisaxe. Isto explica a presenza do relevo residual da fronte costeira coñecida como o Monte de San Tirso, que separa visualmente as dúas unidades dende a fronte costeira, ou a elevación existente máis ao interior e que é fondo da unidade, o Monte do Cura.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A parte central e setentrional da unidade atópase ocupada polos xistos da "Serie de Ordes", ademais de intercalarse unha banda NNE-SSO de ortogneis herciniano. Ao sur aflora o Herciniano, cunha granodiorita precoz herciniana. O Cuaternario ten a súa importancia nos depósitos holocenos costeiros areentos, ademais dos coluviais e aluviais asentados na cunca do río Arteixo, entre a vila e o extremo sur da unidade.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Subhúmido en toda a cunca baixa do Río Arteixo. Acumula entre 1000 mm e 1200 mm de precipitación ao ano e as temperaturas en xeral son suaves con valores medios por riba de 14° C e oscilación térmica ao redor de 13° C.

OS SOLOS

As partes máis baixas contan con fluvisoles hápticos, os solos máis evolucionados da área. A hidromorfía na área deprimida da zona da vila e val do Río Arteixo, inclúe un enclave de gleisol. Antrosoles na capital e área industrial. Un cambisol eútrico na vertente do Monte Castro, os umbrisoles dístricos cara ao Couto Subico e os regosoles da cima desta elevación e da existente ao SE da propia localidade, achegan os solos menos evolucionados de vertente.


AS AUGAS

O Río de Arteixo é a principal corrente fluvial da unidade, que no seu tramo final forma un val rectilíneo con dirección xeral S-N ao que chegan vales laterais tributarios, entre os que destaca o Rego das Pontellas. Desemboca no extremo occidental do complexo sedimentario da praia de Alba, sobre a masa de Augas Costeiras 20129.

O PATRIMONIO NATURAL

A pesar de que parte da unidade posúe un polígono industrial como uso principal, é posible anotar algunhas áreas e hábitats de interese. De feito, a liña de costa está protexida polo LIC Costa da Morte. O conxunto areento de Alba presenta os hábitats de dunas do grupo 21, é dicir, os atlánticos e potencialmente os 2230, Dunas con céspedes de Malcolmietalia e 2260, Dunas con vexetación esclerófila de Cisto-Lavanduletalia. Ao interior, o río de Arteixo achega masas ripícolas (91E0) en Rañal (1,3 ha) e A Ponte do Ba (1,2 ha). No primeiro lugar, a valgada presenta área hidromorfa (1,5 ha) con potencialidade para prados húmidos do 6420 ou 6430.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A forte antropización que caracteriza este ámbito revélase na distribución dos usos do seu solo, atopando grandes superficies dedicadas a actividades industriais, residenciais ou, directamente, urbanas. A semellanza do que acontece na unidade limítrofe de Sabón-Oseiro, o polígono industrial de Sabón-Arteixo ocupa boa parte do territorio dende o río Arteixo ata o límite oriental da unidade. Na ladeira oeste do val, así e todo, aínda se conserva con relativa continuidade o uso agrícola da terra, interrompido polo núcleo de Arteixo e por pequenas masas forestais illadas. Só nas partes altas dos montes que delimitan o ámbito (Pedregal, A Cabreira e Monte do Cura) atopamos bosques de repoboación con certa entidade, e nas ladeiras próximas á costa unha superficie exenta de actividades produtivas recuberta por vexetación costeira de matogueira.

MORFOLOXÍA

A poboación de referencia desta unidade é Arteixo, actualmente un núcleo intermedio de preto de 10.000 habitantes que se sitúa como a unidade de referencia do occidente metropolitano. Non obstante, os asentamentos que historicamente organizaban este territorio eran os de Figueiroa, A Pedreira e A Ponte do Va, pequenos casaríos compactos vinculados ás terras de cultivo que se estendían pola parte baixa das ladeiras do val. A consolidación de Arteixo como núcleo urbano, antes coñecido como a Baiuca, xa non responde á lóxica de asentamentos ligados aos labores agrícolas, senón que o fai apoiándose nunha vía de comunicación (a AC-552) e a unhas oportunidades económicas industriais (o polígono de Sabón, construído en 1965) antes inexistentes. Na actualidade o modelo de crecemento tende a estirar o tecido ao longo das vías de comunicación (especialmente a estrada cara á Coruña) mediante tipoloxías intensivas.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede viaria tradicional articulaba as terras de cultivo desta unidade coas de Sabón-Oseiro, conformando un conxunto homoxéneo, e a partir de aquí distribuíanse radialmente cara ao resto do territorio, seguindo as directrices dos vales de Arteixo e do Seixedo. Na actualidade, as vías transversais AC-552 (Arteixo- A Coruña) e a súa paralela AC-411 son as de maior tráfico e importancia, xa que conectan o núcleo de Arteixo co polígono de Sabón e co enlace á autovía A-6. Na dirección lonxitudinal, as vías que se abriron paralelas ao río organizan as actividades industriais do polígono.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Os elementos máis representativos de patrimonio arqueolóxico son o Castro de As Penouqueiras e o Castro de Figueiroa, ambos os dous a media ladeira no val do río de Arteixo. Nos núcleos tradicionais consérvanse exemplos de construcións relixiosas e populares, como a igrexa de Santiago ou o Balneario de Arteixo, o Pazo de Figueiroa ou diferentes casas catalogadas na Baiuca. Ao longo do curso do río Arteixo, atopamos a Ponte dos Brozos e a Ponte e Muíño de Rañal.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Historicamente esta paisaxe estaba moi relacionada co límite de Sabón- Oseiro, xa que a proximidade das agras de cultivo xeraba unha continuidade que se prolongaba cara ao norte pola Agra de Rañobre. Na actualidade, así e todo, esta conexión foi substituída polo polígono industrial, que ocupa unha parte considerable da superficie das dúas unidades. É precisamente esta importante instalación industrial a que caracteriza esta paisaxe, xunto coa presenza do núcleo de Arteixo, o que constitúe un ámbito moi intervido polo home, especialmente na época recente. Aínda que a súa sección de contacto directo co mar é moi significativa, cunha formación areenta de alto valor ambiental, a unidade parece pecharse sobre si mesma e envorcase cara ao interior do val, deixando a fronte litoral como un fenómeno periférico na comprensión do conxunto paisaxístico.

DINÁMICA DA PAISAXE

A evolución desta unidade de paisaxe foi parella á de Sabón-Oseiro. Ambos os territorios estaban construídos mediante unha intensa explotación agrícola nas partes baixas do val (do río Arteixo neste caso e do rego de Seixedo no outro), organizada mediante unha serie de núcleos de poboación situados a media ladeira nas periferias da devandita área. A implantación en 1965 do polígono industrial de Sabón, coas infraestruturas que levou consigo, provocou fortes alteracións na estrutura parcelaria, abandonándose o uso agrícola, interrompendo as comunicacións tradicionais e introducindo novas demandas residenciais, de mobilidade e de servizos que o tecido existente non podía absorber. De aí que xurdise o núcleo de Arteixo, como condensador das novas demandas de servizos que se xeraron. As novas dinámicas de crecemento, non obstante, tenden a dispersar a poboación, estirar os límites e prolongar o feito urbano ao longo das estradas e vías de comunicación.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A Praia de Alba e a fronte litoral adxacente, composta por pequenos acantilados rochosos, están protexidos pola Rede Natura 2000 ao configurar o extremo oriental do Lugar de Interese Comunitario Costa da Morte. O resto da paisaxe presenta demasiadas interferencias (usos dispersos, ausencia de trama urbana lexible, desequilibrios entre as partes) como para poder facer dela unha lectura homoxénea e continua. Dende o cume do monte de San Tirso obtense unha panorámica do val do río de Arteixo e da praia de Alba, ademais da mesma visual para a veciña unidade de Sabón-Oseiro. Ademais, dende Punta de Alba obtéñense visuais do perfil da costa de Caión, se ben antes eran espectaculares visuais dunha paisaxe natural cara á costa de Langosteira, agora son substituídas pola panorámica das obras do futuro porto Exterior.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

No se contemplan ámbitos de requalificación en la presente unidad.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



